



Acta da Comisión Permanente do día 15 de xullo de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/07/2015.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/07/2015.
- III. Títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira aprobados nesta Comisión Permanente.
- IV. Títulos e tribunais de Traballos Fin de Grao aprobados nesta Comisión Permanente.
- V. Tribunais de Traballo Fin de Grao na convocatoria de xullo con indicación do calendario e orde de defensa.
- VI. Solicitudes de Avaliación Curricular admitidas a trámite e Comisións que as xulgarán.
- VII. Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 7 minutos, no Despacho do Director da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e trátanse os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2015.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria de 10 de xuño de 2015.

2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.

Ao non terse presentado ningunha solicitude pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira e Traballos Fin de Grao.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, os títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira que se relacionan no anexo III.

4. Aprobación, se procede, das propostas de títulos e tribunais de Traballos Fin de Grao.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, os títulos e tribunais de Traballo Fin de Grao que se relacionan no anexo IV.



5. Sorteo e nomeamento, se procede, dos tribunais que xulgarán os traballos presentados para a convocatoria de xullo e aprobación, se procede, do calendario e orde de defensa dos alumnos/as.

A Comisión Permanente procede ao sorteo e ao nomeamento dos tribunais de Traballo Fin de Grao, así como ao establecemento do calendario e orde de defensa en cada tribunal dos alumnos que a solicitaron.

O resultado recóllese no anexo V desta acta.

6. Nomeamento, se procede, do tribunal que xulgará todos os TFG propostos para matrícula de honra no curso 2014-2015.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, que dito tribunal estará constituído polos profesores que formen parte dos tribunais que xulgaron os TFG propostos para Matrícula de Honra.

7. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, admitir a trámite as solicitudes recollidas no anexo VI desta acta, así como nomear as Comisións referidas no citado anexo.

8. Aprobación, se procede, da validación de cursos/actividades/outras solicitudes por créditos de libre elección e outros recoñecementos.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, a validación das seguintes actividades por créditos de libre elección:

CURSOS / ACTIVIDADES	DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN	PROPOSTA DE CRÉDITOS
Czech Language for Foreigners a/l – mobility – exchange programmes	Cursada na Technická Univerzita Ostrava (República Checa)	2 c.l.e.
Mining and the Environment	Cursada na Technická Univerzita Ostrava (República Checa)	5 c.l.e.
Curso de Técnicas de Estudio	50 horas	3 c.l.e.

9. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...

Ao non terse presentado ningunha solicitude pásase ao seguinte punto na orde do día.



10. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, quince de xullo de dous mil quince.

Vº e praxe

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/07/2015



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/07/2015



Asistentes á Comisión Permanente do 15 de xullo de 2015
--

Presidente da Comisión

José Benito Vázquez Dorrío

Secretaria da Comisión

Natalia Caparrini Marín

Profesorado

Ángeles Saavedra González

Marta Cabeza Simó

Fernando García Bastante

Teresa Rivas Brea

PAS

M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

Títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira aprobados nesta Comisión Permanente



ANEXO IV

Títulos e traballos de Traballo Fin de Grao aprobados nesta Comisión Permanente



ANEXO V

**Tribunais que xulgarán os Traballos Fin de Grao na convocatoria de xullo
con indicación do calendario e orde de defensa**



ANEXO VI

Solicitudes de Avaliación Curricular admitidas a trámite e Comisións que as xulgarán



ANEXO VII

Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección